

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 12 de setembro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZA DE ACTIVIDADE.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno local 5/420, do 11 de xullo de 2012, de denegación da licenza de instalación, apertura e funcionamento da actividade de xestor de residuos en Santa Eufemia, número 18, San Pedro de Calde.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para rectificación de erro no acordo número 7/286 adoptado pola Comisión de Goberno en sesión celebrada o día vinte e seis de marzo de 2003, polo que se concedía licenza para parcelamento da parcela 4, rueiro E, rúa dos Carros do Parque Empresarial IN-F, Polígono do Ceao.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para a construción dunha nave sen uso definido no parque empresarial as Gándaras, parcela 04.1, vía B; para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar e alpendre, en edificación tradicional, sita en San Remixio de Bazar; para reforma e conservación no edificio con licenza número 129/69, consistente na substitución de cuberta, revestimento de fachadas e impermeabilización de terrazas, na rúa Concepción Arenal, número 69 e para cambio de uso de comercial a equipamento comunitario e obras necesarias para implantación da actividade de escola infantil con spa, en edificio existente con licenza número 1220/07, sito na rúa Vázquez Seijas.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg39.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-9-2012

- Sometemento a consideración da Xunta de Goberno Local para a toma de decisión que proceda na realización de prácticas en materia de xestión administrativa por parte de 9 alumnos, segundo convenio para asinar co FORGA.

- Acórdase a corrección do erro reflectido no acordo da Xunta de Goberno Local número 6/514, do 29 de agosto de 2012, en canto aos custos dos alumnos, a cantidade para solicitar en concepto de subvención e o importe total do proxecto. Aprobación da nova solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o obradoiro de emprego denominado “Escola rural de Pedreda”, para a restauración da antiga casa escola da parroquia de San Vicente de Pedreda”.

Lugo, 19 de setembro de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García